



O escritor polaco **Adam Zagajewski** naceu en 1945 na vella Galitzia dos Cárpatos, en Lvov (ou Leópolis), dentro da actual Ucraína. Medrou en Silesia e licenciouse pola Universidade Jaguelónica de Cracovia. Durante a segunda metade dos setenta implicouse na oposición política ao réxime en Polonia. Exiliado dende 1982, foi coeditor da revista literaria *Zeszyty literackie* dende París.

Cabeza visible da chamada "Xeración do 68" polaca, o seu primeiro libro de poemas apareceu en 1972 co título orixinal de *Komunikat*. Seguíronlle novas entregas líricas en 1975, 1985, 1994, 1999, 2003 ou 2005. É así mesmo autor de traducións, de dous libros de prosas e varios de ensaios. Traducido a multitude de linguas, os seus títulos vertidos ao castelán comezaron co poemario *Ir a Lvov* (1985), ao que seguiron *Lienzo* (1990), *Tierra del fuego* (1994; 2004), *Deseo* (1997; 2005), *Anhelo* (1999), *Regreso* (2003), o libro de memorias *En la belleza ajena* (2003), *Poemas escogidos* (2005), *Antenas* (2007) e o máis recente: *Mano invisible* (2012). Entre os ensaios cóntase, neste idioma, con *Dos ciudades* (1995; 2006), *En defensa del fervor* (2002; 2005) e *Solidaridad y soledad* (1982; 2010).

Tras algúns anos entre Berlín e París, dende 2002 reside de volta en Cracovia. Con todo, en 1988 converteuse en profesor visitante do Programa de Escrita Creativa da Universidade de Houston, e dende 2007 da de Chicago. Ten recibido prestixiosas bolsas internacionais como a do Berliner Künstler Program ou a Guggenheim, e galardóns como o Kurt Tucholsky ou o Prix de la Liberté, amais de ter sido nominado ao Nobel de Literatura en 2010. Considerado o máis célebre poeta actual de Polonia, Zagajewski é hoxe un dos autores máis recoñecidos do panorama internacional.

NUEVO HOTEL

[Cracovia]

En febreiro os álamos, xeados, son aínda máis delgados ca no verán. A miña familia está espallada por todo o mundo, baixo a terra, en varios países, en poemas, en cadros. É mediodía, estou na praza Na Groblach. Ás veces viña por aquí para visitar (un pouco á forza) os meus tíos. Eles non se queixaban nin sequera do destino ou do sistema, só que os seus rostros recordaban unha librería de vello baleira. Agora nesa casa vive outra xente, descoñecida, o olor dunha vida allea. Preto de alí construíron un novo hotel, cuartos luminosos, almorzos sen dúbida comme il faut, zume, café e torradas, vidro, cemento, esquezo, e, de súpeto, sen saber como, un momento dunha penetrante alegría.



(ADAM ZAGAJEWSKI)

Luns **2** de novembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Salvador García-Bodaño





Malia ter apenas nacido en Vigo en 1935, **Salvador García-Bodaño** Zunzunegui é un dos grandes poetas de Compostela de todos os tempos. Alí se formou e, dende a posguerra, veu desenvolvendo unha vizosa actividade cultural, política e literaria.

Constitúe unha das figuras máis representativas e renovadoras do cerne da histórica Xeración das Festas Minervais, dándose a coñecer entre recitais, faladoiros, certames e actos literarios dende finais dos 50. Cofundador da Asociación Cultural O Galo, da editorial Escola Aberta e da AELG, presidiu o Ateneo de Santiago. Membro numerario do novo Seminario de Estudos Galegos dende 1983, foi tamén cofundador do PEN Club de Galicia, da Asociación de Tradutores, do Instituto Galego da Información ou da Fundación Castela. Procurador dos Tribunais de profesión, é tamén autor de literatura xuvenil e relatos, así como de ensaios, crítica literaria e de arte, biografías, estudos, traducións e un extenso labor como columnista dende os anos 60 ata hoxe. Dende 1992 é académico de número da Real Academia Galega.

Poeta, narrador e xornalista, compilará os seus primeiros poemas no volume *Ao pé de cada hora* (1967). En 1978 obtén o Premio da Crítica Española cun dos seus títulos fundamentais, *Tempo de Compostela*, que acadaría distintas edicións. Acompañados de obra gráfica de artistas galegos, seguíronlle *37 debuxos para un país* (1985) e *Compostela* (1989). *Obra Poética* (1993) recolle toda a súa obra ata a data e inclúe un poemario novo. Máis tarde sairá a plaquette *Pegadas no alcatrán* (1994; 1995) e, por último, o anovador *Cidade virtual* (2003). Por esta obra recibiu distincións coma o Premio Xunta de Galicia á Creación Cultural ou a Insignia de Ouro da Universidade de Santiago.

DA VIVENCIA DO IMPOSIBLE

*Sentín baixo o padal
un sabor a marmelo
como aquel tan ao gusto dos avós.*

*Dende o fondo de min
véuseme o recender da casa antiga:
lenzos, mobles, o lar...*

Pasaron sesenta anos.

*A xente que alí habita
xa non leva o meu sangue
nin vive os meus recordos.*

*Véxome no xardín,
nun tempo de outro tempo,
a xogar cando neno co destino,*

*a xogar inocente coa vida
que me achega ao remate do meu xogo.*



(SALVADOR GARCÍA-BODAÑO)

Luns **2** de novembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Adam Zagajewski

